




# COSTA DE SÁLVORA

Adela Leiro, Mon Daporta  
xaneiro 2019



Distancia: 1,2 km (lineal ao faro)  
1,7 km (lineal á aldea)  
Dificultade: baixa

- 1-Peirao. Praia do Almacén.
- 2-Punta do Muíño/Laxe Branca
- 3-Punta de Pernaprada
- 4-Punta e praia dos Bois
- 5-Punta e praia da Zafra
- 6-Punta e praia dos Lagos.
- Illotes Asadoiros.
- 7-Punta dos Pilros. Punta da Volta.
- 8-Volta de Roque
- 9-Covas do Barro e de Salvareiros
- 10-Punta do Curro das Cabras
- 11-Punta dos Besugueiros
- 12-Punta Pirula
- 13-Cova de Balde
- 14-Punta Salgueiriños
- 15-Punta e Laxes de Brisán
- 16-Punta Figueiriño
- 17-Punta do Castelo
- 18-Os Cabeceiros
- 19-Nor
- 20-Herbosa
- 21-Vionta



O **arquipélago de Sálvora** está situado na boca da Ría de Arousa. Formado pola illa de Sálvora e numerosos illotes: Vionta, Gaivoteira, Herbosa, Con de Nor, Insuabela, Centoleiros e Sagres. Pertence ao concello de Ribeira. Están formadas por granito vermello.

A illa de **Sálvora** ten 248 ha de superficie, ten un perfil achairado e unha altura máxima de 77 m, con cantís de pouca altura na cara oeste e praias alternadas con rochedos na cara que mira á ría. Sálvora estivo poboada e na cara leste hai unha aldea abandonada, coas casas e cortes aínda en pé, onde se poden ver ferramentas e obxectos da vida cotía dos antigos habitantes.

Estivo ligada desde hai 450 anos aos donos das Torres de Goiáns. Despois foi do Marqués de Revilla. A finais do século XVIII (1770) instalouse alí a primeira fábrica de salga de Galiza. Está deshabitada desde a década de 1970. A aldea chegou a contar con 50 habitantes a mediados do século XX.

### Protección:

- PARQUE NACIONAL, 2 de xullo de 2002
- LIC /ZEC "Complejo húmido de Corrubedo"
- ZEPA "Espazo mariño das Rías Baixas"
- Está incluída no inventario de ÁREAS IMPORTANTES PARA A HERPETOFAUNA ESPAÑOLA (Dirección Xeral de Conservación da Natureza).
- OSPAR (Convenio para a protección do medio ambiente mariño do Atlántico do nordés "Illas Atlánticas de Galiza"
- Puntos de Interese Xeolóxico (IGME): "Coído da Volta de Roque", "Praia e dunas dos Bois-Milreu" "Formacións graníticas de Galleiros" e "Ensenada de Balde).



## PERCORRIDO

Para visitar Sálvora é preciso un permiso do Organismo Rector do Parque e o número está limitado.

Non hai un transporte regular, hai que conectar coas empresas navieras. O número máximo de visitantes é de 125 persoas diarias. O punto de partida é o peirao, onde o primeiro que podemos ver é a praia coas dunas e o antigo salgadoiro convertido en vivenda.

A partir dese punto hai dous roteiros:

-Un itinerario (Un paseo de lenda por Sálvora) autoguiado mediante paneis interpretativos que vai ata o faro e no que podemos gozar de panorámicas e curiosas formas nas rochas.

-Un percorrido ata a aldea que so se pode facer con guía autorizado.



Vista aérea do arquipélago de Sálvora



Praia do Almacén



Costa de Sálvora entre a punta do Castelo e a punta do Muíño





Vista norte de Sálvora: praias dos Bois e da Zafra e punta dos Pilros.



A aldea de Sálvora coa punta de Penaprada no primeiro plano. Abaixo detalles.







Punta dos Bois



Punta Pirula e o faro.



Costa sur de Sálvora ata a Punta Pirula. No centro Os Gralleiros, o cume máis alto da illa (73 m).



Formacións graníticas de Gralleiros. Con bolos, penedos e bloques de formas variadas. Están catalogadas como LIX (Lugar de Interese Xeolóxico)





Punta Pirula e Illa de Ons desde o faro.



Nor, Herbosa e Vionta



Nor



Nor e o Cabeceiro pequeno



Vionta



A maioría da superficie da illa de Sálvora está ocupada por un denso mato de toxos xunto con anélicas, xestas, queirugas, silvas, fentos, carpazas... Nos cantís hai herba de namorar, prixel do mar, fento mariño, colexas... e nas dunas feo, eiruga mariña, correola das praias, leiteira, paxariños, cebola das gaivotas... Nos fondos mariños e nas rochas hai unha grande diversidade de algas.



Paxariños (*Linaria arenaria*). Sálvora acolle a maior poboación de Galiza desta planta en perigo crítico de extinción.



Liques



Herba de namorar



*Codium tomentosum*



Cebola das gaivotas



Nos cantís crían gaivotas patiamarelas e corvos mariños. No mar pódense ver mascatos, aros romeiros, pardelas, gaivotas choronas, carráns. En terra hai corvos, pombos e unha ampla variedade de paxaros (verderolos, xílgaros, pardillos, chascos, borrallentas...), lagartos, escaravellos... A fauna mariña é dunha gran diversidade, sobre todo especies de fondos rochosos.



Corvos mariños cristados (*Phalacrocorax aristotelis*).



Gaivota patiamarela (*Larus michahellis*) no niño



Percebes



Illote O Cabezo Grande

Na contorna das illas hai unha grande actividade pesqueira e marisqueira.

Punta de Lagos e Cons dos Asadoiros

